



Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

MEMORIA (CONTA XERAL 2016)

Ao obxecto de dar cumprimento ao establecido no capítulo II, Regras 44 a 51 da Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, fórmase á Conta Xeral da Entidade Local correspondente ao ano 2015.

NORMATIVA REGULADORA

RD-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: art. 208-212 e 191-193.

Regulamento Orzamentario aprobado polo RD 500/1990, de 20 de abril: art. 89-105.

RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local. Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.

TRAMITACIÓN

Os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como a Regra 49 da IMNCL, regulan os diferentes prazos da tramitación da Conta Xeral:

Rendición de estados e contas: En cumprimento do previsto no artigo 212.1 do TRLRFL, o Presidente da entidade renderá a conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato ao seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local

A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas expóñense ao público por un prazo de 15 días durante os cales e 8 máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Examinados estas pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, remitirase a mesma ao Tribunal de Contas e ao órgano Fiscalizador Externo que corresponda antes do 15 de outubro, seguindo os procedementos telemáticos e formatos que a normativa vixente teña previsto en canto a transferencia de datos.

Os documentos que integran as contas anuais a conforman o Balance, a Conta de resultado Económico-Patrimonial, o Estado de cambio no patrimonio neto, o Estado de fluxos de efectivo e o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.

A memoria que conforma a Conta Xeral ten como finalidade completar, ampliar e comentar a información contida no Balance, na Conta de resultado económico patrimonial e nos Estados de cambio no patrimonio neto, de fluxos de efectivo e de liquidación do Orzamento.

1- ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE.

1.1 Poboación oficial.

A poboación oficial de Vigo segundo o último censo oficial do Instituto Galego de Estadística referido ao 1 de xaneiro de 2016 é de 292.817 habitantes.

1.2. Norma de creación da entidade.

A “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo” é un organismo autónomo administrativo con personalidade xurídica pública e patrimonio propios para o cumprimento dos seus fins. Este organismo autónomo está sometido a tutela, fiscalización e control do Concello de Vigo e ten unha duración indefinida.

Foi creado por acordo do Pleno da Corporación de 29 de xullo de 1996, publicándose a súa constitución e estatutos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de setembro de 1996. Ditos estatutos foron modificados por acordos plenarios de 20 de outubro de 2000 e 26 de abril de 2010. A creación do organismo autónomo amparouse nos artigos 15 a 19 do Regulamento de Xestión Urbanística e no artigo 85.3 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (agora artigo 85.2.A).b) da mesma norma).





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

1.3. Actividade principal da entidade.

A Xerencia Municipal de Urbanismo ten encomendada, con carácter xeral, a xestión urbanística no termo municipal de Vigo e, en especial:

- a) As funcións instrumentais de estudio e xestión relativas a:
- Elaboración de plans e proxectos de ordenación urbana, tanto Xeral como Parciais e Especiais, Programas de Actuación Urbanística, Estudos de Detalle, Ordenanzas de Edificación e Usos do Solo, Catálogos e demais normas urbanísticas, establecemento dos sistemas de actuación aplicables para a execución de planeamento en unidades de execución, proxectos de urbanización ou de obras ordinarias, proxectos de reparcelación e de expropiación e cantos proxectos de iniciativa municipal se lle encomenden.
 - Programa-la actuación urbanística a medio e a curto prazo.
 - Redactar, tramitar e executar proxectos de expropiación forzosa ou de desafuzamento de bens ou dereitos arrendaticios por razóns urbanísticas, correspondendo a decisión ao Pleno da Corporación en canto á declaración de utilidade pública e interese social, máis a necesidade de concreta ocupación de bens en orde á expropiación, cando dita decisión non se derive da automática aplicación do disposto nos Plans de Ordenación Municipal.
 - Preparar e propoñer a aprobación das organismos competentes, calquera clase de documentos e proxectos de índole urbanística que deba redacta-lo Concello.
 - Informar e propoñer a aprobación, no seu caso, dos expedientes que se tramitan a iniciativa particular nas materias sinaladas nos apartados anteriores ou que se promoven por órganos do Estado ou entidades de dereito público, con suxeición ao planeamento urbanístico.
- b) Executar, directa ou indirectamente, plans, programas e proxectos urbanísticos, así como realizar cantos actos que a lei atribúe aos Concellos en relación coa execución do planeamento.
- c) As funcións de policía urbanística relativas a:
- Sinalamento de aliñacións e rasantes.
 - Concesión de licenzas urbanísticas relativas a edificación e uso do solo, subsolo e voo.
 - Ordes de execución en materia urbanística.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

- Revisión das licenzas ou ordes de execución o contido das cales constitúan unha infracción tipificada como grave.
 - Aprobación de pregos de condicións e contratación de obras de urbanización.
 - Expedición de informes e de cédulas urbanísticas.
 - Xestión da inspección urbanística.
 - Exercicio da potestade sancionadora por infraccións urbanísticas cometidas, e de restablecemento da legalidade urbanística.
 - Inclusión e venda forzosa de fincas mediante a súa incorporación ao Rexistro Municipal de Solares e Terreos sen Urbanizar.
 - Concesión de licenzas de parcelación.
 - Declaración de estado ruinoso de inmobles e a súa demolición.
- d) O nomeamento e a contratación do persoal propio da Xerencia, así como todo o referente ás retribucións, xornada de traballo, réxime disciplinario e cese de dito persoal, segundo convenio regulador dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, sen prexuízo do disposto no apartado f) do artigo seguinte.
- e) A xestión do Patrimonio Municipal do Solo, para o cal poderá adquirir, ocupar e aceptar cesións de terreos, posuír, reivindicar, administrar, gravar, allear ou ceder toda clase de bens e dereitos que integran dito patrimonio sen prexuízo das competencias que nesta materia lle corresponden ao Concello.
- f) Leva-lo Rexistro de Transferencias de Aproveitamentos Urbanísticos e demais Rexistros e inventarios.

1.4. Descrición das principais fontes de ingresos

O Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2016 acadou o importe de 7.119.897,61 euros, a nivel de créditos iniciais, e de 10.150.510,89 euros, a nivel de créditos definitivos.

As súas principais fontes de financiamento son as taxas pola tramitación de expedientes de licenzas (cun peso aproximado ao 13% do Orzamento inicial), e as transferencias doutras Administracións, en especial a transferencia corrente realizada pola Administración Xeral do Concello (que representa un 77% do Orzamento inicial).

1.5. Consideración fiscal

A Xerencia Municipal de Urbanismo é suxeito pasivo do IVA respecto de determinadas operacións, esencialmente transmisións patrimoniais.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Polo que respecta ao imposto de sociedades, está exenta segundo o establecido no artigo 9 da Lei 27/2014.

1.6. Estrutura organizativa básica.

Os órganos de goberno da Xerencia son:

- O Presidente.
- O Vicepresidente.
- O Consello da Xerencia.
- O Xerente.

O Consello da Xerencia está presidido polo Alcalde-Presidente do Concello e integrado por dez concelleiros nomeados polo Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada ún deles na Corporación municipal.

O organigrama da Xerencia Municipal de Urbanismo está integrado, ademais da Xefatura (da que depende directamente a Oficina de Vivenda e PMS), por 2 áreas:

- 1) Secretaría-Réxime interior: na que se integran os servizos e unidades de Secretaría-Asesoría Xurídica, Información, Rexistro, Arquivo, Administración Electrónica, Servizos Centrais e Económicos.
- 2) Área Técnica: que comprende Intervención Urbanística (Licenzas de Actividades, Licenzas de Obras, Infraccións Urbanísticas-Inspección, Inspección Técnica de Edificios e Conservación), Desenvolvemento Urbanístico (que inclúe Planeamento e Xestión, Urbanización e Infraestruturas, Cartografía e Delineación).

1.7. Número medio de empregados durante o exercicio.

O persoal que presta servizo na Xerencia Municipal de Urbanismo está integrado por 107 empregados (incluíndo as 5 prazas vacantes sin cubrir):

- 1) 25 funcionarios con praza no cadro de persoal do Concello e adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- 2) 81 funcionarios con praza no cadro de persoal propio do Organismo Autónomo (incluíndo 72 en propiedade, 4 interinos con cargo a praza e 5 prazas sen cubrir).
- 3) O xerente (posto de carácter de persoal directivo).





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Ocasionalmente realízanse nomeamentos de funcionarios interinos, baixo a modalidade de “substitución transitoria do titular”, “execución de programas de carácter temporal” ou “acumulación de tarefas”.

1.8. Identificación.

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, con CIF P8605706D, é un organismo autónomo adscrito ao Concello de Vigo, CIF P3605700H.

1.9. Identificación das entidades do grupo.

O organismo non ten entidades dependentes, nin entidades públicas participadas, nin forma parte de ningunha fundación.

2.- XESTIÓN INDIRECTA DE SERVIZOS PÚBLICOS, CONVENIOS E OUTRAS FORMAS DE XESTIÓN.

A prestación do servizo de xestión urbanística que desenvolve este Organismo Autónomo realízase, ao cen por cen, en réxime de xestión directa ao abeiro do establecido polo artigo 85.2.A).b) da Lei estatal 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A través de contrato de asistencia técnica xestionase unha oficina dependente da Xerencia Municipal de Urbanismo: a Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Casco Vello e Bouzas. O prezo do contrato para o ano 2016 foi de 203.280,00 euros (artigo 22 do orzamento de gastos)

3.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS.

1) Imaxe fiel

A presentación das contas, coas salvedades que se porán de manifesto nesta Memoria respecto ao patrimonio municipal do solo, perseguen expresar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do Orzamento e dos resultados da entidade.

A información incluída nas contas anuais debe cumprir os requisitos de claridade, relevancia, fiabilidade e comparabilidade.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Na contabilidade séguense os principios de carácter económico: de xestión continuada, de devengo, de uniformidade, de prudencia, de non compensación e de importancia relativa. E de carácter orzamentario: de imputación orzamentaria e de desafectación. Aplicáronse todos os principios contables, xa que non interfíren no obxectivo de imaxe fiel. Non se alterou no transcurso do exercicio ningún dos principios aplicados.

2) Comparación da información

A información é comparable, non hai cambios en relación co ano precedente.

3) Razóns e incidencia nas contas anuais dos cambios nos criterios de contabilización e corrección de erros.

Non houbo cambios nos criterios de contabilización.

4) Información sobre cambios en estimacións contables cando sexan significativos.

Non houbo cambios significativos nas estimacións contables.

4.- NORMAS DE RECOÑECIMENTO E VALORACIÓN

Aplícase na valoración dos bens (respecto ao inmovilizado e patrimonio, en xeral, e ao patrimonio municipal do solo, en particular) o prezo de adquisición ou o custo de produción de todos os bens.

4.1 Inmovilizado material: A súa valoración efectúase segundo o seu prezo de adquisición ou de produción, incluíndo no seu custo os gastos de redacción do proxecto, dirección de obra, estudos e gastos de explanación, derruba se fose o caso e demais gastos ata a conclusión da obra ou proxecto concreto.

4.2. Patrimonio público do solo: A súa valoración efectúase segundo o seu prezo de adquisición. Os bens que integran este patrimonio son obxecto de contabilización separada e están suxeitos a amortización, coa excepción dos terreos. Non se aplicou sobre os mesmos ningunha correlación valorativa.

4.3. Inversións inmobiliarias: Non existen inversións inmobiliarias no exercicio 2016.

4.4. Inmovilizado intanxible: Non existe inmovilizado intanxible. Nas contas 203 e 208 aparece un saldo de 1.933,76 e 8.701,27 euros. Ditos importes corresponden a partidas de inmovilizado material (mobiliario e equipos informáticos) que, por erro,





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

teñen vinculadas as contas de gasto 203 e 208. Deberá procederse inmediatamente á súa regularización.

4.5. Arrendamentos financeiros: Non existen arrendamentos no exercicio 2016.

4.6. Permutas: Non existen permutas no exercicio 2016.

4.7. Activos e pasivos financeiros: Soamente se rexistran movementos, como investimento financeiro temporal, polos préstamos sin xuros (anticipos) concedidos ao persoal de plantilla deste Organismo Autónomo (partida de gastos 1510.8300000 e concepto de ingresos 830.00).

4.8. Cobertura contable: Non hai instrumentos de cobertura contable.

4.9. Existencias: Non hai existencias.

4.10. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades: Non existen.

4.11. Transaccións en moeda estranxeira: Non se realizaron.

4.12. Ingresos e gastos: O recoñecemento de ingresos ten lugar como consecuencia dun incremento dos recursos económicos, ben mediante un incremento de activos, ben mediante unha diminución dos pasivos, sempre e canto a súa contía poda determinarse con fiabilidade. Do mesmo xeito, o recoñecemento do gasto prodúcese como consecuencia dunha diminución de recursos económicos: mediante o descenso de activos ou o aumento de pasivos, e sempre que poida valorarse ou estimarse a súa contía con fiabilidade.

4.13. Provisións e continxencias: Non se dotaron provisións de inmovilizado. Realizouse provisión de saldos de dubidoso cobro na conta 4900 por importe de 1.219.392,70 euros, segundo criterios de antigüidade establecidos nas bases de execución do orzamento.

4.14. Transferencias e subvencións: Teñen carácter monetario e a súa valoración efectúase polo importe concedido. O recoñecemento do ingreso orzamentario derivado de transferencias ou subvencións recibidas debe realizarse no momento no que se teña coñecemento de que o ente concedente ditou o acto de recoñecemento da correlativa obriga.

4.15. Actividades conxuntas: Non houbo participación en actividades conxuntas.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

4.16. Activos en estado de venta: Non existen activos en estado de venta, agás os referidos ó PMS (punto 6).

5.- INMOVILIZADO MATERIAL.

As contas do inmovilizado, reflicten a situación dada polo Balance a 31 de decembro de 2016.

De conformidade coa Instrución de Contabilidade aprobada pola Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, reflíctense nos listados anexos os datos respecto dos investimentos destinados ao uso xeral e ao inmovilizado material (saldo inicial, entradas e saldo final).

Os activos incluídos neste epígrafe están valorados segundo o modelo de custo. No exercicio 2016 non se realiza revalorización do inmovilizado material.

No relativo ás amortizacións do inmovilizado, tomouse como base de cálculo os saldos que figuran no Balance a 31 de decembro do exercicio anterior. A imputación sobre saldos do exercicio anterior se fundamenta nas seguintes vantaxes: a) ao calcular as cotas sobre períodos enteiros, evítase a análise das adquisicións que se efectuaron no período, así como o número de meses que transcorren dende a súa adquisición até o peche do exercicio, b) permite, na maioría dos casos, que a amortización se realice sobre bens xa terminados e non sobre inmovilizados en curso. O método aplicado é unha continuidade do criterio establecido no ano 1992, polo tanto cumpre co principio de xestión continuada e de uniformidade.

É importante resaltar que, dentro do Inmovilizado, non figura aquel que debería estar adscrito ao Organismo Autónomo Administrativo, como patrimonio entregado en adscrición no Balance da Entidade Local e como patrimonio recibido en adscrición no Balance do Organismo Autónomo, polo tanto, a amortización dos bens inmoables, están a cargo da entidade matriz.

Non existen bens recibidos en adscrición nin en cesión.

Non existen arrendamentos financeiros.

Polo que respecta aos investimentos destinados ao uso xeral, non existen modificacións respecto do exercicio 2015, non hai rexistro algún neste estado.

As contas do balance que integran o inmovilizado material durante o exercicio 2016 teñen un saldo inicial total de 13.918.902,18 euros, e un saldo final de 14.192.103,03 euros.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Realizáronse amortizacións acumuladas por importe de 1.365.045,94 euros, co seguinte detalle:

Edificios	Amortización 2016: 15.301,62	Acumulada: 124.987,35
Maquinaria	Amortización 2016: 0,00	Acumulada: 35.144,11
Instalacións técnicas	Amortización 2016: 0,00	Acumulada: 359.918,32
Mobiliario	Amortización 2016: 4.822,24	Acumulada: 400.355,04
Equipos informáticos	Amortización 2016: 11.205,00	Acumulada: 461.094,95
Elem. Transporte	Amortización 2016: 0,00	Acumulada: 14.875,05
Total	31.328,86	1.396.374,82

As partidas orzamentarias de mobiliario e equipos informáticos teñen vinculadas erróneamente as contas de gasto 203 e 208, correspondentes a Inmobilizado intanxible. Consecuentemente, en ditas contas aparecen saldos de 1.933,76 e 8.701,27 euros, que deberían figurar no epígrafe de Inmobilizado material. Deberá procederse inmediatamente á súa regularización.

Recóllese a información relativa ao Inmobilizado material nos listados MEM05_13 anexos.

6.- PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO.

A xestión do inmobilizado do Patrimonio Municipal do Solo reflíctese nas contas do subgrupo 24. Non obstante é imprescindible realizar unha comprobación de saldos en coordinación co inventario existente, a efectos de dar cumprimento ao principio de imaxe fiel do patrimonio. A tal efecto, deberá constarse a total contabilización do inventario do Patrimonio Municipal de Solo, partindo do inventario aprobado por acordo Plenario de 29.10.2012. Así mesmo, dita regularización deberá ter en conta a revisión do Inventario Municipal de Bens que se está concluíndo nestas datas.

As contas do balance que integran o Patrimonio Municipal do Solo teñen un saldo total a 31.12.2016 de 7.247.122,36 euro, co seguinte detalle:

- Saldo da conta 240 "Terreos": 3.182.221,94 euros.
- Salgo da conta 241 "Construcións": 4.602.554,98 euros..

No exercicio 2016 dotáronse amortizacións por importe de 86.645,83 euros na conta de Construcións, acadando unha amortización acumulada de 267.391,22 euros.

Integra tamén o PMS o importe obtido polo seu alleamento ou alugueiro. O saldo a 31.12.2016 é de 4.112.186,71 euros.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

A información relativa ao Patrimonio Municipal do Solo aparece nos listados MEM06_13.

7.- INVERSIONES INMOBILIARIAS.

A Xerencia Municipal de Urbanismo non ten investimentos inmobiliarios, agás os propios dos derivados da xestión do PMS (punto 6 desta Memoria).

8.- INMOBILIZADO INTANXIBLE.

Non existe inmovilizado intanxible no organismo autónomo.

Deberá corrixirse inmediatamente o erro mencionado nos apartados 4 e 5 desta memoria.

9.- ARRENDAMIENTOS FINANCIEROS E OTRAS OPERACIONES DE NATURALEZA SIMILAR

Non existen.

10.- ACTIVOS FINANCIEROS

Non existen inversións financeiras, nin a curto nin a longo prazo.

Soamente se rexistran movementos, como investimento financeiro temporal, polos préstamos sen xuros (anticipos) concedidos ao persoal de plantilla deste Organismo Autónomo (partida de gastos 1510.8300000 e concepto de ingresos 830.00). Tamén polos xuros das contas bancarias, tanto operativas como a prazo fixo. Ditos movementos reflíctense nas contas 4303 e 4313 con saldo inicial de 20.420 euros e final de 14.360 €.

11.- PASIVOS FINANCIEROS

O organismo autónomo non ten pasivos financeiros.

12.- COBERTURAS CONTABLES





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Non existen coberturas de activos ou pasivos recoñecidos, compromisos en firme e transaccións previstas no organismo autónomo.

13.- ACTIVOS CONSTRUIDOS OU ADQUIRIDOS PARA OUTRAS ENTIDADES E OUTRAS EXISTENCIAS

Non existen.

14.- MONEDA EXTRANXEIRA

Non existen elementos do activo nin do pasivo denominados en moneda extranxeira.

15.- TRANSFERENCIAS, SUBVENCÍONS E OUTROS INGRESOS E GASTOS

A información sobre transferencias e subvencións recibidas e concedidas aparece recollida nos informes G.15.1 e G.15.2 anexos.

Comprenden as transferencias corrente e de capital que efectúa ao organismo autónomo o Concello de Vigo, e a transferencia corrente que a Xerencia de Urbanismo efectúa ao Concello polo persoal adscrito.

Tamén se recollen as transferencias que efectúan a Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda á Xerencia para que esta a súa vez abone as subvencións a particulares no marco dos convenios de rehabilitación de vivendas nos cascos históricos.

O importe total de transferencias e subvencións recibidas no exercicio 2016 é de 5.871.362,79 euros. Abonáronse transferencias e subvencións por importe de 1.653.879,52 euros (transferencia ó ente matriz, axudas de rehabilitación nas Áreas declaradas como de Rehabilitación Integral e axudas de accesibilidade), reflectíndose unicamente a transferencia cun importe superior ós 50.000 euros.

16.- PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS.

Non existen no organismo autónomo.

17.- INFORMACIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Os servizos que se prestan na Xerencia de Urbanismo corresponden a programas do grupo 15. As obrigas recoñecidas polas políticas medioambientais corresponden aos programas 1710, 1720 e 1721, a cargo do Concello de Vigo, polo que é dito ente matriz o que informa sobre esta materia.

18.- ACTIVOS EN ESTADO DE VENDA

Non existen activos en estado de venda.

19.- PRESENTACIÓN POR ACTIVIDADES DA CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL

Na Xerencia de Urbanismo xestiónase unicamente o programa de gastos 1510 “Planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística” .

A conta preséntase, no que respecta aos ingresos, atendendo aos criterios de xestión ordinaria, financeiros e outros ingresos. O gasto orzamentario imputable ten unha contía de 6.493.354,96 euros e o non orzamentario de 1.337.367,39 euros, cun importe total de 7.830.722,35 euros.

Os ingresos acadaron un importe total de 8.468.261,84 euros, dos cales 8.452.980,87 euros foron ingresos de xestión ordinaria, e 15.280,97 corresponden a ingresos financeiros.

A información recóllese no listado anexo MEM19_15.

20.- OPERACIÓNS POR ADMINISTRACIÓN DE RECURSOS POR CONTA DOUTROS ENTES

Non se realizan operacións por administración de recursos por conta doutros entes.

21.- OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA

Os estados contables que reflicten as operacións non orzamentarias estrutúranse en catro apartados (o último deles sen movementos):

- Debedores.
- Acredores.
- Partidas pendentes de aplicación. Ingresos.
- Partidas pendentes de aplicación. Pagos.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Respecto aos debedores, inclúe os movementos e saldo da conta de anticipos e préstamos concedidos.

No apartado de “acreedores” destácanse as débedas coa Facenda Pública que se liquidan en xaneiro do exercicio seguinte. Outros importes salientables son os saldos de Tesourería da Seguridade Social, Fianzas e Depósitos e Outros Acredores non Presupostarios.

No apartado de “partidas pendentes de aplicación, ingresos”, non variou o saldo da conta 55437. Están pendentes da súa aplicación ao orzamento os importes provintes do alleamento do PMS e alugueres, contas 55438 e 55439 respectivamente, cuns saldos ao peche do exercicio de 4.073.462,28 euros e 38.724,43 euros cada unha delas.

Información recollida nos listados anexos MEM16A_04, MEM16B_04, MEM16C_04 e MEM16D_04.

22.- CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA. PROCEDIMENTOS DE ADXUDICACIÓN

Os principais contratos tramitados na Xerencia de Urbanismo son:

O servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación, contrato de servizos adxudicado por procedemento aberto avaliado con multicriterio cun importe no exercicio 2016 de 203.280,00 euros.

O contrato de limpeza do edificio, adxudicado por procedemento aberto avaliado con multicriterio, cun importe efectivo de 49.981,67 euros.

O contrato do servizo de seguridade, adxudicado por procedemento aberto avaliado con multicriterio, cun importe no exercicio 2016 de 50.571,95 euros.

A elaboración das fichas do plan especial do Ensanche, contrato de servizo adxudicado por procedemento aberto avaliado con multicriterio, cun importe efectivo no exercicio de 39.639,60 euros.

Ademais, existen contratos de menor importe para o mantemento da calefacción, dos ascensores e das copiadoras.

Con certa asiduidade contrátanse obras por execucións subsidiarias, xeralmente a través de contratos menores, por permitilo a súa contía. En 2016 contratouse a execución





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

subsidiaria das obras de urbanización pendentes no ámbito de Villalaura, adxudicado por procedemento aberto avaliado con multicriterio, cun importe efectivo no exercicio de 52.277,87 euros.

23.- VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO

Do estado de valores recibidos en depósito dedúcese que existen unicamente cancelacións dos avais depositados noutros exercicios. Os avais de urbanismo seguen depositándose na Tesourería da Administración Xeral do Concello.

A información aparece recollida no estado anexo MEM18_04.

24.- INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

24.1 Exercicio corrente

Os valores que amosan os estados liquidatorios, teñen incorporadas as porcentaxes de execución. No estado de gastos as obrigas recoñecidas, os pagamentos e as obrigas pendentes de pagamento ao peche. No estado de ingresos, os recoñecementos de dereitos, a recadación neta e os ingresos pendentes de cobro ou de aplicación.

1) Orzamento de gastos:

a) Modificacións de crédito.

Os estados contables que recollen as modificacións orzamentarias reflicten as seguintes operacións:

Incorporación de remanentes por proxectos que teñen o financiamento afectado.

Xeracións de crédito procedente de enaxenacións de bens do pms para a adquisición de terreos, polo importe das subvencións de capital recibidas da Administración central e autonómica para o fomento do Plan de Vivenda, e polas aportacións ou compromisos firmes de aportacións de outras institucións para o desenvolvemento de figuras do planeamento.

Asimesmo, fíxose unha transferencia de crédito para o pagamento de reformas no edificio da Xerencia, e un crédito extraordinario para o pagamento das axudas a accesibilidade polo importe procedente de baixas por anulación de créditos en outras partidas.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

As modificacións de crédito acadaron un importe total de 3.030.613,28 euros. Durante o exercicio incoáronse dezaseis expedientes de modificacións orzamentarias.

Estado anexo MEM201A1_04.

b) Remanentes de crédito.

Conforme ao disposto no artigo 98 do RD 500/1990, os remanentes de crédito están constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas. Da información do estado de remanentes de crédito destácase que acadan un importe de 2.993.609,99 euros, dos cales, 2.987.526,31 ten a consideración de “incorporables”, e os 6.083,68 euros restantes de “non incorporables”.

Os remanentes de crédito son obxecto da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, no que se incorporan, salvo renuncia expresa, todos aqueles gastos asociados a proxectos que teñen financiamento afectado, así como aqueles outros que, con independencia do seu financiamento, estean comprometidos, sempre e cando non fosen incorporados xa no ano precedente. En concreto, a incorporación de remanentes ao Orzamento 2017 acada un importe de 2.506.612,14 euros.

Información no documento anexo MEM201A2_04.

c) Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamentos

Non existen.

2) Orzamento de ingresos

a) Proceso de xestión

I. Dereitos anulados

No exercicio 2016 anuláronse dereitos por importe de 120.579,25 euros, todos eles como consecuencia de expedientes de devolucións de ingresos.

Estado anexo MEM201B1ANU_04.

II. Dereitos cancelados

Non se cancelaron dereitos no exercicio 2016.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

III. Recadación neta

A recadación neta acadou un importe de 7.092.516,67 euros. Os conceptos nos que se produxo unha maior recadación son as diversas taxas urbanísticas (principalmente a taxa de obras), a transferencia corrente do Concello de Vigo, e o alleamento das vivendas municipais sitas na rúa República Argentina.

A información detallada aparece recollida no estado anexo MEM201B1NETO_04.

b) Devolucións de ingresos

No exercicio 2016 efectuáronse devolucións de ingresos por importe de 120.579,25 euros. A maior parte corresponden a taxas por licenza de obras devoltas como consecuencia da anulación do PXOM.

O detalle aparece recollido no documento anexo MEM201B2_04.

c) Compromisos de ingresos

Non se rexistraron compromisos de ingresos no exercicio 2015.

24.2 Exercicios pechados

1) Orzamento de gastos. Obrigas de orzamentos pechados.

O estado anexo MEM202A_04 recolle a información sobre as obrigas de orzamentos pechados con detalle por anos e aplicacións indicando o saldo inicial, as modificacións, os pagamentos e as obrigas pendentes ao peche de exercicio.

Neste ano, houbo movementos por importe de 85.568,47 euros, procedentes todos eles do exercicio do ano 2015, e o saldo final de obrigas pendentes de pagamento ao peche de exercicio é 8.085,01 euros.

2) Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.

Os estados de referencia recollen a información sobre os dereitos de orzamentos pechados con detalle, por ano e concepto, de saldo inicial, modificacións, anulacións, recadación e pendente ao final do ano.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

a) Dereitos pendentes de cobro totais.

Os dereitos pendentes de cobro a 1 de xaneiro de 2016 acadaban un importe de 2.049.933,09 euros. Durante o exercicio recadáronse 195.005,16 euros de exercicios pechados. Os dereitos pendentes de cobro totais a 31 de decembro eran 1.620.770,75 euros.

Información detallada no estado anexo MEM24.2.2 a.

b) Dereitos anulados

No exercicio 2016 anuláronse dereitos de exercicios pechados por importe de 234.157,18 euros, tal como reflicte en detalle o estado anexo correspondente.

c) Dereitos cancelados

Non se cancelaron dereitos de exercicios pechados no exercicio 2016.

3) Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores.

No correspondente estado, MEM24.2.3, infórmase das variacións de obrigas e dereitos a cobrar de orzamentos pechados, que supoñan a alteración dos importes calculados como resultados orzamentarios en exercicios anteriores.

A variación de dereitos corresponde unicamente ás anulacións realizadas, por importe de 234.157,18 euros. Non se produciron variacións de obrigas.

24.3 Exercicios posteriores.

1) Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

Non existe gasto que supoña un compromiso futuro, polo que o estado non recolle ningún movemento.

2) Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

Non existen compromisos de ingreso futuros, o estado non recolle movementos.

24.4 Execución de proxectos de gasto.

Nos estados obtidos da aplicación informática aparecen os datos individualizados relativos aos proxectos de gastos en execución a 1 de xaneiro ou iniciados no exercicio.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Os proxectos que xeraron obrigas no exercicio son 18.

Os proxectos de gastos presentan un gasto previsto total de 6.592.956,89 euros, un gasto comprometido de 4.192.066,57 euros, obrigas recoñecidas por importe total de 3.854.889,67 euros e un gasto pendente de realizar de 2.738.067,22 euros. Dita información aparece recollida no estado anexo MEM201A3_04.

Polo que respecta ás anualidades pendentes, os remanentes de crédito son obxecto da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, no que se incorporan, salvo renuncia expresa, todos aqueles gastos asociados a proxectos que teñen financiamento afectado, así como aqueles outros que, con independencia do seu financiamento, estean comprometidos, sempre e cando non fosen incorporados xa no ano precedente. En concreto, a incorporación de remanentes ao Orzamento 2017 acada un importe de 2.506.612,14 euros. Dito importe aparece recollido no estado anexo MEM2442_15, como gasto pendente de realizar no ano 1.

24.5 Gastos con financiamento afectado. Desviacións de financiamento por axente financiador.

Nos estados obtidos da aplicación informática infórmase das desviacións de financiamento positivas e negativas, por axente, para cada gasto con financiamento afectado, tanto do exercicio como acumuladas.

Os proxectos con financiamento afectado, xeraron desviacións positivas no exercicio por 301.499,48 euros, e desviacións negativas por 325.413,95 euros.

As desviacións acumuladas positivas acadan un importe de 1.611.007,09 euros, e non existen desviacións negativas.

24.6 Remanente de tesourería.

O remanente de tesourería obtense como suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pagamento e agregando as partidas pendentes de aplicación.

Os fondos líquidos a fin de exercicio están constituídos polos saldos dipoñibles en contas bancarias, e ten un importe de 8.865.559,44 euros.

Os dereitos pendentes de cobro acadan un importe de 1.766.618,76 euros, dos cales 116.447,50 son de orzamento corrente e 1.620.770,75 euros de pechados. Os dereitos pendentes de operacións non orzamentarias ten un importe de 29.400,51 euros.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Hai obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio por 833.246,49 euros. 27.028,89 euros de orzamento corrente, 8.085,01 de pechados e 798.132,59 euros de operacións non orzamentarias.

No que respecta ás partidas pendentes de aplicación, existen cobros pendentes de aplicación por importe 4.122.271,75 euros. A maior parte corresponden ao produto do alleamento de vivendas municipais. Non existen pagamentos pendentes de aplicación.

Á vista destes datos, o remanente de tesourería total é de 5.676.659,96 euros.

O remanente de tesourería dispoñible para a financiamento de gastos xerais determínase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro considerados de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado.

A dotación para saldos de dubidoso cobro que se está a facer pola contía de 1.219.392,70 euros, representa un 75,24% do total dos dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados. A dotación realízase segundo os criterios establecidos nas bases de execución do orzamento, baseadas esencialmente na antigüidade das débedas, aplicando porcentaxes de entre o 95% e o 80% aos saldos dos últimos catro anos, e do 100% aos exercicios anteriores.

O exceso de financiamento afectada está constituído pola suma das desviación de financiamentos positivos acumuladas a fin do exercicio, e ten un importe de 1.611.007,09 euros.

Realizando as minoracións correspondentes, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante é de 2.846.260,17 euros, importe superior ao resultado do exercicio 2015 (2.344.483,59 euros).

25.- INDICADORES FINANCEIROS, PATRIMONIAIS E ORZAMENTARIOS

Constitúen unha ferramenta para que o xestor público poida tomar decisións e para o control do que está sucedendo. Os indicadores non son un obxectivo en si mesmos, son instrumentos de xestión.

A IMNCL establece distintos tipos de indicadores: financeiros, patrimoniais e orzamentarios, sendo preciso recoller á información contida nos estados de liquidación do orzamento, no balance, na conta de resultados e no estado do remanente de tesourería para a elaboración dos mesmos.





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

En canto aos exercicios pechados, a realización de pagamentos e cobros ven mantendo unha liña estable.

No que respecta aos pagamentos e cobros de exercicio corrente, tamén se percibe unha melloría en relación co ano anterior, tanto nos indicadores de execución do orzamento, como de realización de pagamentos e cobros.

En todo caso, a liquidez do organismo autónomo é claramente suficiente para ter os pagamentos ao día.

No estado adxunto, MEM25_1, recóllense os datos concretos dos diferentes indicadores.

26.- INFORMACIÓN SOBRE O CUSTE DAS ACTIVIDADES

Ata a elaboración das contas correspondentes ao exercicio 2017, as entidades que apliquen a Instrución aprobada pola Orde HAP/1781/2013, non terán a obriga de incluír a información sobre o custo das actividades e os indicadores de xestión, apartados 26 e 27 da memoria.

Acolléndose a dita moratoria, non se incorpora a información sobre custe das actividades, sen prexuízo de que se está procedendo a súa elaboración para a incorporación en tempo e forma na plataforma de rendición de contas do Tribunal de Cuentas.

27.- INDICADORES DE XESTIÓN

Os indicadores de xestión son instrumentos relevantes para avaliar a eficacia, eficiencia e economía na prestación dos servizos máis representativos. A continuación se detallan os indicadores dos servizos de licenzas de obras, licenzas de actividades, infraccións urbanísticas e oficina de rehabilitación de vivendas.

Servizo de licenzas de obras:

- Custe do servizo	2.513.201,46 euros
- Custe de persoal	989.723,39 euros
- Prestacións realizadas	4.051
- Prestacións previstas	3.000
- N.º de empregados	21
- Ingresos liquidados	538.601,23 euros



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 29/05/2017 11:51

Páxina 21 de 23

EXPEDIENTE 9802/407

Código de verificación: 22EB4-A3A44-BDADE-C5AB2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

Servizo de licenzas de actividades:

- Custe do servizo	930.334,46 euros
- Custe de persoal	508.346,16 euros
- Prestacións realizadas	1.196
- Prestacións previstas	1.000
- N.º de empregados	9
- Ingresos liquidados	78.078,88 euros

Servizo de disciplina urbanística:

- Custe do servizo	1.209.351,14 euros
- Custe de persoal	843.425,04 euros
- Prestacións realizadas	917
- Prestacións previstas	1.000
- N.º de empregados	23
- Ingresos liquidados	143.357,83 euros

Servizo “oficina rehabilitación de vivendas”:

- Custe do servizo	203.280,00 euros
- Custe de persoal	160.062,99 euros
- Prestacións realizadas	313
- Prestacións previstas	200
- N.º de empregados	8
- Ingresos liquidados	0,00 euros

28.- ACONTECEMENTOS POSTERIORES AO PECHE

Non existen feitos relevantes con posterioridade ao peche.

29.- ASPECTOS DERIVADOS DA TRANSICIÓN AO 2015

Na conta xeral do exercicio 2015 incluíuse a información necesaria para clarificar o proceso de transición da contabilidade segundo o establecido na disposición transitoria segunda da Orde HAP/1781/2013.

30.- ESTADO DE CONCILIACIÓN BANCARIA

Non foi necesario efectuar conciliación de saldos por resultar coincidentes os datos facilitados pola entidade bancaria e os que figuran nos libros contables. O saldo de





Concello de Vigo

SERVIZOS CENTRAIS

existencias de tesourería a 31 de decembro de 2016 ten un importe total de 6.582.465,89 euros

31.- BALANCE DE COMPROBACIÓN

Trátase dun documento contable que permite facerse unha idea sobre a situación do Organismo, e as operacións realizadas no período. Denomínaselle tamén Balance de Sumas e Saldos.

O obxectivo final deste balance, é comprobar que non existen asentos descuadrados na contabilidade.

A diferenza do balance final, o balance de comprobación de sumas e saldos non require de periodificación contable, do cálculo do resultado do período, nin do peche da contabilidade para a súa elaboración.

CONCLUSIÓN

A presente memoria axusta a súa estrutura ao previsto na Orde HAP/1781/2013, e considérase suficientemente explicativa dos estados e contas anuais, para permitir o coñecemento da situación e actividade do organismo autónomo no exercicio.

A Conta Xeral está conformada, ademais, polos seguintes estados contables: Balance, Conta do resultado económico-patrimonial, Estado de cambios no patrimonio neto, Estado de fluxos de efectivo e o Estado de liquidación do orzamento.

AMH

Vigo, na data da sinatura dixital

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais

CONFORME Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

